

## INFORMACIÓN SOBRE AS **LISTAXES PROVISIONAIS** DE SOLICITUDES ADMITIDAS PARA O DIVERTEO DE XUÑO 2022

### 1. A **adxudicación de pazas está identificada** do seguinte xeito:

1.1. No caso de presentación presencial no rexistro do concello: número de rexistro de entrada/22

1.2. No caso de presentación a través da sede electrónica: RT últimos catro díxitos do número de rexistro/22

### 2. O período de **pagamento é do 3 ata o 12 de xuño**.

Desde o Concello remitirase por correo postal o documento de autoliquidación que se utilizará para o pago da cota. De non recibilo, póñase en contacto co concello.

En canto ao pagamento da autoliquidación poderá realizarse en ABANCA (ben nas oficinas no horario comercial de pagos ou ben en caixeiro automático) ou na banca electrónica (en caso de ser cliente da dita Entidade). Así mesmo, pode realizarse a través da pasarela de pagos que o Concello de Teo ten coa Entidade financeira ABANCA no seguinte enlace (<https://ovt.teo.gal/portalCiudadano>) dentro do apartado pago telemático/mediante documento de pago. Poderá utilizarse unha tarxeta de débito ou crédito de calquera entidade financeira.

Para realizar os pagamentos por este procedemento debe introducir ou ben os números que figuran debaixo do código de barras do documento de pago e darlle a cargar datos (revise os datos antes de pagar) ou ben cubrir os datos de emisora, referencia, identificación e importe, que aparecen no documento de pagamento. A plataforma de pagamento pediralle toda a información necesaria. Unha vez completos os datos deberá darlle a pagar recibo e elixir pago con tarxeta e introducir os datos da mesma.

### 3. A **xustificación do pagamento** farase mediante a entrega dunha copia no Concello ou enviándoo ao enderezo electrónico [concilia@teo.gal](mailto:concilia@teo.gal) **antes do 13 de xuño**. No caso de non xustificar correctamente o pagamento da matrícula ou de non estar ao día nos pagamentos dos servizos de conciliación do Concello de Teo a reserva non será efectiva.

### 4. A **listaxe de agarda** confeccionase tendo en conta a prioridade das crianzas censadas no concello de Teo e a orde de inscrición. De producirse baixas ou a non matrícula de xeito correcto dalgunha persoa inicialmente admitida, poderanse completar as prazas vacantes coa orde no que están inscritas as crianzas neste listado de agarda. Para isto, comunicáraselle de xeito inmediato mediante chamada telefónica, e abrindo un prazo especial de 3 días para formalizar a matrícula. As baixas ou non matriculacións que se produzan con menos de tres días hábiles do comezo da actividade só se cubrirán con crianzas que teñan solicitado o mesmo centro no que se produciu a baixa.